Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo

correspondente á sesión celebrada o
mércores 22 de xuño de 2011

Iniciouse a sesión ás 17:00 do día 22 de xuño do 2011 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

> Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Xavier Roca Pardiñas (CIG); Xosé Antón Vila (CIG); Luis Anido Rifón (CIG); Xavier Simón Fernández (CIG); Amparo Solla González (CIG); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Gloria Pena Uris (AGPTU); Natividad Calvo Ruibal (AGPTU); Leandro R. Alejano Monge (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Manuela Raposo Rivas (UXT); María Isabel Doval Ruiz (UXT); Joám José Santamaria Conde (UXT); Rafael Durán Barbosa(CCOO); Miguel Alfonso Pallares (CCOO).

Xustificaron a súa ausencia:

> María Vera Isasa (AGPTU, por motivos médicos) e Pedro Pablo Gallebo Veigas (AGPTU, por estar en ano sabático).

Tratouse un único punto de acordo coa orde do día: **Constitución da Xunta de PDI-F e elección da Presidencia da mesma.**

Constituíuse a Xunta de PDI ás 17 horas cos asistentes citados arriba. Nesta ocasión aprobouse por asentimento que o Secretario da Xunta de PDI fose proposto pola Presidencia electa.

Houbo as seguintes candidaturas á Presidencia: Aquilino S. Alonso (CIG) e Gloria Pena Uris (AGPTU). Os resultados da primeira votación foron: Aquilino S. Alonso (CIG): 6 votos; Gloria Pena Uris (AGPTU): 9 votos; Branco: 1 voto.

Con este resultado quedou proclamada Gloria Pena Uris (AGPTU) como Presidenta da Xunta de PDI. Esta elixiu como Secretario a Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU).

O Presidente saínte deulle os parabéns á Presidenta elixida.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 17 horas e 25 minutos.

Vigo, 22 de xuño de 2011

O Secretario — O Presidente

Asdo. Xavier Roca — Asdo. Aquilino Alonso